

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE FERROL PARA A XESTIÓN DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL CENTRAL DE FERROL

A Consellería de Cultura e Turismo é o órgano da administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura e, en concreto, das atribucións en materia de bibliotecas, segundo o establecido nos artigos 7 do Decreto 163/2018, de 13 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica. Dentro dese ámbito competencial, á Consellería, como órgano administrativo de dirección e coordinación do Sistema Galego de Bibliotecas, correspóndelle deseñar e planificar a política bibliotecaria da Comunidade Autónoma, así como a definición das súas prioridades (artigo 7 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia).

O Concello de Ferrol, en virtude do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases del Réxime Local e da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, ten a obriga de garantir o servizo bibliotecario axeitado á poboación a que serve. Desde o ano 1942 conta cunha biblioteca pública municipal central, creada por Orde do Ministerio de Educación Nacional.

A Biblioteca Pública Municipal Central de Ferrol, de titularidade municipal, foi inscrita no Rexistro de Bibliotecas de Galicia no ano 1996, DOG núm. 120, do 19 de xuño de 1996 e integrada na Rede de Bibliotecas de Galicia mediante convenio asinado o 9 de maio de 2008.

Segundo este convenio o Concello de Ferrol comprométese a dotala de orzamento suficiente para o seu funcionamento (persoal, instalacións, mobiliario, equipamento e fondos bibliográficos).

A Consellería de Cultura e Turismo comprometeuse a prestar apoio técnico ao Concello para a contratación de persoal técnico, colaborar na súa formación, dotar á biblioteca



central do programa de xestión bibliotecaria común e a incorporala aos servizos de catalogación centralizada.

Ao mesmo tempo, acordouse a colaboración entre as dúas institucións para acadar a interconectividade técnica e semántica, a participación no programa de préstamo interbibliotecario, e a colaboración na recuperación, conservación e dispoñibilidade pública do tesouro bibliográfico galego.

O Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia, que regula a Lei de bibliotecas de Galicia no artigo 27, é tamén o que determina os tipos de bibliotecas públicas aos que se adscribe cada tipo de biblioteca da rede (artigo 13). Na súa última redacción aprobada polo Consello da Xunta e examinado e valorado polo Parlamento de Galicia no ano 2016, atribúelle á Biblioteca Municipal Central de Ferrol a categoría de Central Territorial porque cumpre os requisitos establecidos para estas bibliotecas no artigo 14 da Lei:

- Préstalle servizos bibliotecarios integrais ao territorio no que están asentadas e coordinan e préstalle servizos de asesoramento, préstamo interbibliotecario e soporte técnico á rede de bibliotecas de ámbito inferior.
- Poden encargarse, respecto das bibliotecas de ámbito inferior, daqueles aspectos materiais, técnicos ou de servizos propios da xestión bibliotecaria cando estas carezan de medios técnicos idóneos para o seu desempeño e así o soliciten as persoas titulares destas bibliotecas.

Segundo o Mapa de Bibliotecas, só existen en Galicia 7 bibliotecas centrais territoriais, todas de xestión autonómica agás á de Ferrol:

Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés; Biblioteca Pública de Lugo; Biblioteca Pública de Ourense; Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola; Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal; Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel e Biblioteca Pública Municipal de Ferrol.



A dotación económica necesaria para que presten todos os servizos bibliotecarios con calidade correspóndelles aos responsables da súa xestión, polo tanto á Xunta de Galicia e ao Concello de Ferrol, respectivamente.

As bibliotecas de xestión autonómica dispoñen de recursos económicos tanto para a mellora das súas coleccións como para a realización de actividades de dinamización bibliotecaria e cultural, procedentes do orzamento anual da Xunta de Galicia, que se reparten mediante un sistema proporcional en función da poboación potencial de usuarios e usuarias á que atenden.

A Biblioteca Central de Ferrol recibe fondos do concello para atender a esas mesmas áreas de prestación de servizo e participa nas convocatorias de subvencións convocadas pola Consellería de Cultura e Turismo destinadas á mellora dos servizos bibliotecarios das bibliotecas de titularidade municipal. En concreto, no ano 2020 o importe total aproximado co que contará a biblioteca Central de Ferrol, cos fondos do Concello e as subvencións da Consellería sería duns 35.000 €.

Esa cantidade considérase insuficiente para poder prestar o servizo adecuado a unha poboación potencial de case 200.000 habitantes, tendo en conta que a biblioteca central territorial de xestión autonómica máis próxima en usuarios potenciais, a de Pontevedra, conta con un orzamento de 50.000 € para unha poboación de máis de 188.000 habitantes.

Co obxecto de que a biblioteca de Ferrol poida atender ás demandas dos usuarios e usuarias da cidade e da comarca de Ferrol, tendo en conta a súa singularidade como única biblioteca central territorial de xestión municipal e non autonómica, que é a única biblioteca municipal en Galicia, con esta categoría, polo que ten a obriga de atender á poboación fóra do eido puramente municipal, é de interese público que poida contar co orzamento suficiente e adecuado para que toda a cidadanía do seu ámbito territorial non reciban servizos bibliotecarios de inferior calidade que a do ámbito das restantes áreas xeográficas a que atenden as restantes bibliotecas centrais territoriais de Galicia, polo que se propón a sinatura dun convenio de colaboración





polo que o Concello realiza a súa achega económica para estes servizos, que se complementa con 12.000 € do orzamento da Consellería de Cultura e Turismo, o que permitiría acercarse ao orzamento destinado para a prestación destes servizos bibliotecarios noutros ámbitos territoriais.

Santiago de Compostela,

O director xeral de Políticas Culturais

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

